Devolución de taxas pola exclusión de tres listas de vinculación temporal

Expediente: L.4.Q/257/21

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021

Estimado Sr. [redacted]

Nesta institución iniciouse expediente de queixa, como consecuencia do seu escrito referente a unha devolución de taxas.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito de queixa esencialmente indicaba que non se lle aboou a cantidade de 52,80 euros pagada en concepto de taxa por dereito de inscrición nas listas de contratación temporal da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Ante iso, solicitamos información á Consellería de Facenda (Función Publica), que nola remitiu,

En dito informe se sinala o seguinte:

"INFORME

O nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral está regulado no Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Ao abeiro do artigo 6 do Decreto 37/2006, no Diario Oficial de Galicia publicouse a Resolución de 20 de febreiro de 2019 , da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda o peche e a apertura de determinadas listas para a incorporación de novas solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e o nomeamento de persoal funcionario interino correspondente a determinados grupos, categorías, corpos e escalas ou especialidades (DOG n° 42, de 28 de febreiro de 2019).

En virtude da dita Resolución D. [redacted] formulou, en tempo e forma, solicitude para a súa inclusión nas listas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral que a continuación se relacionan:

-Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros.
-Especialidade en formación e orientación laboral (subgrupo A1) (2093-11).
-Grupo II, categoría 8 (director de gardería infantil).
-Grupo III, categoría 50 (técnico/a especialista en xardín de infancia).

Pola súa inscrición en cada unha delas aboou un importe de 17,60 euros en concepto de taxa.

Por Resolución do 28 de novembro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública, fanse públicas as listas provisionais para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 232, do 5 de decembro de 2019) e en virtude de Resolución do 24 de xaneiro de 2020 fanse públicas as listas definitivas, publicadas no Diario Oficial de Galicia do 29 de xaneiro de 2020.

No apartado cuarto da mencionada Resolución do 24 de xaneiro de 2020 establecíase que as persoas solicitantes excluídas dispoñían do prazo dun mes para solicitar a devolución das taxas por dereito de inscrición, debendo consignar para tal efecto o nome e apelidos, NIF, número da conta bancaria e localidade desta.

[redacted] figurou excluído definitivamente das tres listas anteriormente mencionadas pola causa 55 "non cumpre ou acredita o requisito de titulación o non o acredita debidamente".

Neste momento, a devolución de taxas por dereito de inscrición por importe de 52,80 euros a favor de [redacted] está en tramitación por parte da Axencia Tributaria de Galicia, a proposta desta dirección xeral."

ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da Consellería, dedúcese que:

A data de 11 de febreiro de 2021, a devolución de taxas por dereito de inscrición por importe de 52,80 euros a favor de [redacted] está en tramitación por parte da Axencia Tributaria de Galicia, a proposta da Dirección Xeral de Función Publica.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)